



**ANUNCIO DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C, SUBGRUPO C2, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2017, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE.**

**RESULTADO DO CUARTO EXERCICIO.-** Reunido o Tribunal Cualificador, o 24 de xuño de 2019, para proceder á cualificación do cuarto exercicio, escrito, obrigatorio e eliminatorio, consistente na redacción dun ou varios supostos prácticos de carácter procedemental e administrativo, puntuándose este exercicio de cero (0) a dez (10) puntos, o resultado foi o seguinte:

<i>APELIDOS</i>	<i>NOME</i>	<i>NOTA</i>
CHAPELA GALLEGO	MARIA DOLORES	8,42
BRAÑA CID	JAVIER	8,06
NEILA ROUCO	NOELIA	7,09
PRADO MIGUÉLEZ	VANESA	7,08
VÁZQUEZ BARBOSA	SUSANA	6,74
GONZALEZ RODRIGUEZ	MARIA EMILIA	6,71
MARTIN FREIJEIRO	ANGEL	6,65
FEIJOO FARIÑA	SEGUNDO	6,42
PARDO LAZARA	MONICA	6,36
CARBALLO TRONCOSO	ALMUDENA	5,92
PEREZ LORENZO	NOA	5,90
VÁZQUEZ DOMINGUEZ	MONICA	5,80
JORGE ALVAREZ	MONICA	5,52

As persoas aspirantes que non figuran na listaxe anterior, ou ben non se presentaron ou ben non acadaron a puntuación mínima esixida para superar o exercicio, obtendo a cualificación de NON APTO, de conformidade co disposto na base 11ª das bases xerais do proceso.

Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que as persoas aspirantes consideren oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, as persoas interesadas tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

As persoas aspirantes que non presenten as alegacións a través da sede electrónica do Concello de Pontevedra ou directamente no rexistro xeral do Concello deberán achegalas, tamén, por fax (886212843) no mesmo día da súa presentación para non interferir nos prazos de realización da seguinte proba.



**PUBLICACIÓN DO RESULTADO.-** O Tribunal cualificador dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena número 30 (baixo) e, de forma complementaria, se publique na Sede electrónica do Concello de Pontevedra ([sede.pontevedra.gal](http://sede.pontevedra.gal)) a relación coas cualificacións obtidas polas persoas aspirantes.

**CONVOCATORIA PARA O 5º EXERCICIO.-** O Tribunal cualificador dispón que as persoas candidatas que superaron o 4º exercicio **serán convocadas** para a realización do quinto exercicio, obrigatorio e eliminatorio (probos psicotécnicos), **a partir do 12 de agosto de 2019**, mediante publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena número 30 (baixo) e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra ([sede.pontevedra.gal](http://sede.pontevedra.gal)).

A Secretaria do Tribunal na data da sinatura electrónica

